



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESOLUCIÓN do 6 de abril de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se resolven os premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional, convocados na resolución 24 de novembro de 2014.

De conformidade co establecido no artigo 9 da Resolución do 24 de novembro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional, e vista a proposta realizada pola comisión de selección, esta dirección xeral

RESOLVE:

Premiar os proxectos que se relacionan no anexo I desta resolución.

Contra esta resolución os interesados poderán interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo www.edu.xunta.es, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2015

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López





Anexo I. Proxectos premiados nos premios de innovación na FP

Modalidade A

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15005749	IES Universidade Laboral	APEIA: Análise de perdas enerxéticas por infiltracións de aire no sector residencial	12.402,13 €
15015767	CIFP Politécnico de Santiago	Redes de media tensión: parametrización e comunicación de relés de protección con IEC61850	23.900,00 €
15021767	IES Castro da Uz	Desenvolvemento do proceso de adaptación dunha motorización de gasolina para o funcionamento con hidróxeno	22.784,54 €
27013636	IES María Sarmiento	Aforro enerxético nun aula-taller. Estudo comparativo entre solucións comerciais (KNX+DALI) e de baixo custo (arduino)	14.966,93 €
36011634	IES Politécnico de Vigo	Desenvolvemento dunha nova técnica de fabricación metálica aditiva de baixo coste mediante a combinación das tecnoloxías de impresión 3D e da soldadura CMT para a obtención de elementos metálicos resistentes	30.000,00 €
36015184	IES Escolas Proval	Medidor electrónico de lonxitude de onda de diodos láser para comunicacións e metroloxía óptica	18.750,00 €
36020064	CIFP Carlos Oroza	Investigación e desenvolvemento de novos usos culinarios da lapa	18.000,00 €
36020064	CIFP Carlos Oroza	Obtención e caracterización de fibras vexetais para ser utilizadas como ingrediente alimentario	24.975,00 €

Modalidade B

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15002591	IES Monte Neme	Entrenador para instaladores de fibra óptica en ICT2	6.000,00 €
15005749	IES Universidade Laboral	Satma-Simulador de adestramento nas técnicas de mantemento de aeroxeradores	29.997,00 €
15014556	CIFP Coroso	Domótica en climatización empregando sensores de presenza	3.813,00 €
15015767	CIFP Politécnico de Santiago	Laboratorio de medios audiovisuais	29.931,00 €
32016765	CIFP Portovello	Desenvolvemento dun módulo de xestión de incidencias para o simulador do servizo de teleasistencia	7.880,40 €
36006730	IES Frei Martín Sarmiento	Máquinas de control numérico multifuncional	8.100,00 €

